

Administración da base de datos MySQL

Descrición

Este programa formativo prepara aos e as asistentes cos coñecementos e habilidades necesarias para poder instalar, configurar e administrar MySQL Server de maneira profesional, configurar replicación e seguridade, realizar backups de bases de datos e tuning de rendemento e configurar parámetros de seguridade en bases de datos MySQL.

Ao longo da formación os e as asistentes recibirán os coñecementos necesarios para instalar unha base de datos MySQL, crear e executar estratexias de copia de seguridade, particionar a base de datos, xestionar os seus usuarios, crear procedementos almacenados, triggers, vistas, establecer limitacións en recursos, controis de acceso, etc.

As probas de selección realizaranse mediante plataforma online, sen necesidade de desprazamento presencial ao CNTG. A poderá realizar o/a candidato/a inscrito/a ao curso desde o seu domicilio ou lugar de traballo, tendo en conta que a plataforma online abrirase automaticamente na data e hora indicada para iso.

O/A candidato/a inscrito/a recibira un mail desde a entidade adxudicadora co acceso a esta proba 2 días antes da mesma.

A plataforma online de probas de selección é compatible coas versións estables máis recentes de todos os navegadores web e sistemas operativos máis populares (Windows, MacOS, Android ou calquera distribución Linux).

Polo tanto, para acceder á plataforma simplemente necesitarase un equipo de sobremesa, portátil con acceso a unha conexión estable a Internet.

Recomendable ter coñecemento/nivel medio de comprensión lectora en inglés debido a que a proba de nivel pode incluír preguntas en inglés e o exame oficial de certificación ao que se opta en este curso xeralmente realízase en inglés.

Obxectivos

Ao final da formación o alumnado saberá:

Administración da base de datos MySQL

- Describir a arquitectura de MySQL
- Actualizar MySQL
- Configurar opcións en tempo de execución
- Avaliar tipos de datos para mellorar o performance
- Entender o almacenamento InnoDB
- Realizar backup e operacións de restauración

O alumnado estará en disposición dos coñecementos recomendados para a superación dos exames de certificación oficial 1Z0-908 - MySQL 8.0 Database Administrator, requiridos para a obtención da credencial oficial OCP, Oracle Certified Professional, MySQL 8.0 Database Administrator.

Dirixido a

Este curso está dirixido a aquelas persoas que queiran aprender a administrar a base de datos MySQL, para converterse nun/nunha administrador/a sobre a base de datos open source máis popular.

Recomendable nivel medio-alto de comprensión lectora en inglés.

Perfil do docente

Os/As nosos/as formadores/as son persoas con máis de 5 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso ORACLE) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación de formadores/as.

DURACIÓN	60 horas
PROGRAMA	Programación 2020/21
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO

Administración da base de datos MySQL

CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	MySQL 8.0 Database Administrator / 1Z0-908
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 09:30 a 13:30 horas.
PERIODO INSCRICIÓN	15/12/2020 - 17/12/2020
PROBA DE SELECCIÓN	11/01/2021, 10:00
LUGAR DE DOCENCIA	
Nº PRAZAS	16 (Mínimo 10)

Temario

Módulo 1: Fundamentos de MySQL

- Introducción a MySQL
- MySQL: Servidor e Cliente
- Consulta de datos de táboas
- Tipos de datos
- Unions e Joins
- Subconsultas
- Creación de bases de datos e táboas
- Modificación de bases de datos e táboas
- Modificación de datos dunha táboa
- Seguridade na Base de datos
- Copia de seguridade da base de datos
- JSON

Módulo 2: MySQL para administradores de bases de datos

- Introducción
- Instalación de MySQL
- Arquitectura de MySQL
- Configuración de MySQL
- Monitoraxe de MySQL
- Xestión de usuarios
- Seguridade de MySQL
- Mantemento dun sistema estable
- Optimización do rendemento de consultas
- Estratexias de copia de seguridade
- Realización de copias de seguridade
- Configuración da topoloxía de replicación
- Administración de topoloxía de replicación
- Replicación de grupo